

Textos Kant ABAU

Texto 3. *Crítica de la razón pura* (1787). Introducción, I (Distinción entre el conocimiento puro y el empírico). Cuestión asociada: os límites do coñecemento na filosofía de Immanuel Kant.

1. Contexto:

- Kant ⇒ Königsberg (1724 – 1804)
- Filósofo ilustrado ⇒ Características da Ilustración (*Aufklärung*): antropocentrismo, auge da filosofía e das ciencias, fe no progreso, enaltecemento da razón ⇒ libera e emancipa (*Sapere aude!*)
- Estuda física e matemáticas.
- Fórmase no racionalismo de Wolff ⇒ Lectura de Hume, empirista, **esperta do soño dogmático da razón.**
- Idealismo trascendental ⇒ síntese entre racionalismo e empirismo.
- Filosofía ⇒ 3 preguntas: 1) Que podo coñecer? 2) Que debo facer? 3) Que cabe esperar? ⇒ 1) *Crítica da Razón Pura*. 2) *Fundamentación da Metafísica dos costumes* e *Crítica da Razón Práctica*. 3) *Crítica do Xuízo*. Todas as preguntas sintetízanse nunha ⇒ Que é o ser humano? Cuestión que deixa claro que a filosofía kantiana centrase no suxeito.

2. Tese: posibilidade da existencia de **coñecementos a priori** (á marxe da experiencia) e diferenza con respecto aos **a posteriori**.

3. Desenvolvemento:

- Xiro copernicano ⇒ a tradición filosófica consideraba que o suxeito debía adaptarse ao obxecto, debía buscar no obxecto aquilo que nos permite coñecelo de xeito universal (pensen no caso de Aristóteles e a súa definición de esencia) Kant invirte este esquema (como Copérnico inverteu o modelo cosmolóxico) ⇒ é o obxecto o que se adapta ao elemento a priori, xa dados no suxeito: aos transcendentais.
- Citas e referencias ao texto: *“todo nuestro conocimiento comienza con la experiencia”*, *“cómo podría ser despertada a actuar la facultad de conocer sino mediante objetos que afectan a nuestros sentidos”*, *“aunque todo nuestro conocimiento empiece con la experiencia, no por eso procede todo él de la experiencia”*
- Física e matemáticas chegaron a verdades universais e necesarias ⇒ Por que a metafísica non? ⇒ É a metafísica unha ciencia? ⇒ Que é unha ciencia? ⇒ Cales son os xuízos característicos dunha ciencia?
- Análise dos tipos de xuízos (proposición que consta dun suxeito e predicado que nos permite expresar o noso coñecemento sobre o mundo)

- Distinción analítico/sintético ⇒ Analíticos: o predicado está contido no suxeito (“*Todos os solteiros son non casados*”) Sintéticos: o predicado non está contido no suxeito, engade información sobre este (“*A mesa é verde*”) Os primeiros son explicativos, os segundos extensivos.
- Distinción a priori/a posteriori ⇒ A priori: independentes da experiencia, universal e necesariamente verdadeiros. A posteriori: a súa verdade ou falsidade depende da experiencia. Particulares e contingentes.
- RESUMINDO:
 - Xuízos analíticos a priori, non engaden información e son universal e necesariamente verdadeiros (As relacións de ideas de Hume)
 - Xuízos sintéticos a posteriori, engaden información pero non son universalmente verdadeiros, dependen da experiencia.
 - SÍNTESE ⇒ **Xuízos sintéticos a priori: son universal e necesariamente verdadeiros, non dependen da experiencia e engaden información.** Son os característicos da ciencia.
- Como son posibles estes suxeitos? ⇒ Análise das facultades do coñecemento.
 - **Sensibilidade:** a facultade de ser afectados / de recibir os datos dos sentidos, de ter intuicións. É receptiva, pasiva. Para isto é preciso uns elementos de carácter a priori, xa dados no suxeito: as **intuicións ou formas puras da sensibilidade ⇒ espazo e tempo**. EXPLICAR A SÚA FUNCIÓN!
 - **Espazo** ⇒ xuízos sintéticos a priori na xeometría
 - **Tempo** ⇒ xuízos sintéticos a priori na aritmética
 - **Sensibilidade** ⇒ xuízos sintéticos a priori na matemática ⇒ é unha ciencia
 - Resultado da sensibilidade ⇒ **fenómenos**, a forma na que se presentan os obxectos a nosa mente (representacións) Son distintos do **noúmeno**, a cousa en si, o obxecto tal cal é, o cal é incognoscible para o suxeito.
 - **Entendemento:** a facultade que permite reducir/unificar/ordenar a multiplicidade dos fenómenos. É activa, espontánea ⇒ impón as **categorías ou conceptos puros do entendemento**, os cales son a priori, aos fenómenos. Permite que elaborem xuízos a partir de ditas categorías.
 - **Entendemento** ⇒ explica os xuízos sintéticos a priori na **física** (Por exemplo: “*En todas las modificaciones del mundo corpóreo permanece invariable la cantidad de materia*”, “*Todo lo que sucede tiene una causa*”)
- Citas y referencias al texto: “*existe semejante conocimiento independiente de la experiencia*”, “*Tal conocimiento se llama a priori y se distingue del empírico, que*

tiene fuentes a posteriori,”

- **Razón:** intenta explicar a posibilidade dos xuízos sintéticos a priori na metafísica (spoiler ⇒ non son posibles) A razón comete o erro de aplicar as categorías máis aló do fenoménico, da experiencia ⇒ quedan, pois, baleiras. Este é un erro propio da natureza da razón humana: ir máis aló da experiencia. As ideas da razón (Deus, alma, mundo) non son obxecto da ciencia xa que van máis aló da experiencia.
 - Metafísica ⇒ non é unha ciencia. Ten outra función: regulativa. As ideas da razón permiten ordenar os nosos xuízos. Ademais, a metafísica ten un uso práctico, desenvolverase como metafísica dos costumes ⇒ como ética.

4. Conclusión:

- Kant, un do máximos expoñentes do pensamento ilustrado.
- Síntese das dúas grandes correntes filosóficas da modernidade: racionalismo e empirismo.
- Idealismo alemán ⇒ outras figuras que se viron influenciadas por Kant: Fichte, Schelling, Hegel.

Texto 4. *Crítica de la razón pura* (1781/1787). Doctrina trascendental de los elementos.

Teñen este texto comentado por min na aula virtual.

Texto 5. *Fundamentación de la metafísica de las costumbres*. Cuestión asociada: a lei moral en Kant.

1. Contexto: o mesmo que nos textos anteriores.
2. Tese: a diferenza entre os imperativos hipotéticos e o categórico.
3. Desenvolvemento:
 - **IMPORTANTE!** ⇒ Hai que comezar explicando o final da *Crítica da Razón Pura*, como a metafísica non é unha ciencia pero que a razón ten un uso práctico ⇒ a metafísica desenvolverase como metafísica dos costumes, como ética.
 - Liberdade ⇒ condición de posibilidade da ética.
 - Características: 1) Deontolóxica. 2) Universal. 3) FORMAL ⇒ esta é clave, debes opoñer a ética kantiana ás éticas materiais. A ética kantiana céntrase na forma da lei moral a cal determina a razón á marxe de todo o alleo a ela.
 - Máximas ⇒ refírense ás nosas accións e decisións concretas.
 - Imperativos ⇒ ordenan como actuar.
 - Hipotéticos ⇒ non valoran a acción en si mesma, é un medio para un fin ulterior (Fai X para obter Y)

- Categórico ⇒ valora a acción como un fin en si mesma, á marxe das súas consecuencias. É formal e universal. Establece a forma que deben seguir as nosas accións e decisións para ser morais ⇒ é o imperativo da moralidade.
 - Formulacións: 1) Universalidade. 2) Dignidade humana. 3) Reino dos fins ⇒ hai que explicalas.
 - Referencias e citas do texto: *“los imperativos mandan, ya hipotética, ya categóricamente”, “Aquéllos representan la necesidad práctica de una acción posible, como medio de conseguir otra cosa”, “El imperativo categórico sería el que representase una acción por sí misma, sin referencia a ningún otro fin”*, *“sin poner como condición ningún propósito a obtener por medio de cierta conducta”*. **IMPORTANTE.** A próxima cita refírese á **INTENCIÓN** que nos move a actuar, o cal é clave para Kant: *“lo esencialmente bueno de la acción consiste en el ánimo que a ella se lleva, sea el éxito el que fuere”*
 - Definir e distinguir entre:
 - Autonomía – Heteronomía.
 - Por deber – Conforme ao deber.
 - Moralidade – Legalidade.
 - **MOI IMPORTANTE.** Rematar o desenvolvemento xustificando os postulados da razón práctica, é dicir, como as ideas da metafísica de demostran na ética:
 - **Liberdade, alma inmortal, Deus** ⇒ Definir.
4. Conclusión:
- Kant, máximo expoñente da Ilustración.
 - Síntese de racionalismo e empirismo.
 - Pai do idealismo alemá.
 - Funda a corrente deontolóxica na ética que, xunto a utilitarismo inaugurado por Bentham e a ética da virtude constitúe un dos tres piares da ética normativa contemporánea.

Texto 7. Crítica da razón práctica.

Está comentado por min na aula virtual. **PRESTEN ESPECIAL ATENCIÓN Á DIFERENCIA ENTRE LIBERDADE EN SENTIDO POSITIVO E EN SENTIDO NEGATIVO. ESTÁ POSTO PARA PILLAR!**